



## O Parlamento de Galicia exporá “51 páxinas das nosas letras” en Bruxelas despois do verán

- Pilar Rojo inaugurou a mostra itinerante do Parlamento sobre os escritores homenaxeados no Día das Letras Galegas no Centro Cultural Casa de Pedra de Camariñas, onde poderá visitarse ata o 30 de xullo
- A colaboración entre o Parlamento, a Real Academia Galega e a Xunta para organizar esta exposición constitúe, a xuízo de Rojo Noguera, un exemplo de colaboración entre institucións

**Camariñas, 22 de xullo de 2014.-** O Centro Cultural Casa de Pedra de Camariñas acolle desde hoxe e ata o vindeiro 30 de xullo a mostra “51 páxinas das nosas letras”, organizada polo Parlamento de Galicia para render homenaxe aos autores homenaxeados durante o medio século de celebración do Día das Letras Galegas, instaurado no ano 1963.

A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, inaugurou a exposición nun acto celebrado este mediodía coa asistencia do alcalde de Camariñas, Manuel V. Alonso de León; a vicepresidenta segunda do Parlamento, María Soledad Soneira; o xefe de Coordinación Cultural da Xunta na Coruña, Manuel Varela Rey; e a deputada autonómica María Soledad Piñeiro, entre outras autoridades.

### Vocación divulgativa

Na inauguración, a presidenta da Cámara galega, animou aos veciños de Camariñas, aos habitantes da Costa da Morte, e aos visitantes da comarca a achegarse a coñecer a mostra aberta hoxe ao público para “afondar un pouco máis no



coñecemento das letras galegas e dos nosos escritores e escritoras máis ilustres” .

Dada a vocación divulgativa da exposición, Rojo Noguera convidou de maneira especial ás familias para que acudan a ver a mostra “cos máis novos da casa, porque nos máis novos reside o futuro, tamén o da nosa lingua e das nosas letras” .

A mostra que hoxe abriu as portas en Camariñas foi inaugurada na sede do Parlamento de Galicia o pasado 2 de decembro e desde entón pasou xa pola Coruña, Ferrol, O Carballiño, Celanova, Ourense, Lugo, Madrid, Xinzo de Limia, Verín, O Barco de Valdeorras e Cervo.

### **A Bruxelas, despois do verán**

Pilar Rojo avanzou que, despois do verán, o Parlamento de Galicia trasladará esta mostra a Bruxelas co obxectivo de seguir promocionando o patrimonio literario de Galicia, neste caso na capital comunitaria.

A exposición está integrada polas Medallas das Letras Galegas, pertencentes á colección de arte do Parlamento e que son obra do debuxante e caricaturista Siro López e do escultor Manuel Ferreiro Badía; reproducen a faciana dos homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Complétase a mostra con paneis que dan conta das biografías e as principais obras dos autores a través de textos elaborados por diferentes académicos da Real Academia Galega.

A exposición incorpora, ademais, un vídeo –elaborado pola Xunta de Galicia- sobre a historia da celebración do Día das Letras Galegas que inclúe o relato, en primeira persoa, de Don Francisco Fernández del Riego, impulsor da primeira celebración do Día das Letras Galegas, en 1963, o que lle



confire un valor especial a este documental, segundo Pilar Rojo.

### **Colaboración exemplar**

Na súa intervención, a presidenta do Parlamento agradeceu a colaboración que o Parlamento atopou na Real Academia Galega e na Xunta de Galicia para poder materializar este proxecto expositivo, que considerou un exemplo de colaboración entre institucións.

A presidenta do Parlamento de Galicia agradeceu tamén ao Concello de Camariñas e ao seu alcalde a colaboración brindada para levar a mostra a este municipio coruñés, e a María Soledad Soneira o seu interese e colaboración persoal. O acto contou coa actuación da Coral de Mulleres de Camariñas.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.